

RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS

O alcalde do Concello de Rianxo aprobou pola Resolución núm. 1322/2025, do 12 de novembro as bases reguladoras das axudas para a promoción de actividades levadas a cabo por clubs e asociacións deportivas, e a súa convocatoria para o exercicio 2025. O 20/11/2025 publicáronse tanto as bases reguladoras como o extracto da convocatoria para o 2025.

O 24/11/2025 o alcalde ditou a Resolución núm. 1400/2025, pola que se rectifica un erro material dos apartados A e B da base 10.4 *Criterios de valoración das solicitudes* das Bases reguladoras da convocatoria de axudas para a promoción de actividades levadas a cabo no ano 2025 por clubs e asociacións deportivas, quedando como seguen:

A. Número de licenzas oficiais federadas e XOGADE. 30 puntos.

LICENZAS	PUNTOS	LICENZAS	PUNTOS	LICENZAS	PUNTOS	LICENZAS	PUNTOS
1 - 5	1	De 26 a 30	6	De 51 a 55	12	De 76 a 80	22
6 - 10	2	De 31 a 35	7	De 56 a 60	14	De 81 a 85	24
11 - 15	3	De 36 a 40	8	De 61 a 65	16	De 86 a 90	26
16 - 20	4	De 41 a 45	9	De 66 a 70	18	De 91 a 95	28
21 - 25	5	De 46 a 50	10	De 71 a 75	20	+ 95	30

As licenzas femininas aplicaráselle un coeficiente multiplicador de 1,5 nas categorías sénior e veteranas.

As licenzas de deporte adaptado aplicaráselle un coeficiente multiplicador de 5 en todas as categorías.

B. Número de equipos participan en competicións oficiais federadas e XOGADE. 30 puntos.

EQUIPOS	PUNTOS	EQUIPOS	PUNTOS	EQUIPOS	PUNTOS
1 equipo	2 ptos	6 equipos.	12 ptos.	11 equipos.	22 ptos.
2 equipos	4 ptos.	7 equipos.	14 ptos.	12 equipos	24 ptos.
3 equipos	6 ptos.	8 equipos.	16 ptos.	+ 12 equipos	30 ptos.
4 equipos	8 ptos.	9 equipos.	18 ptos.		
5 equipos	10 ptos.	10 equipos	20 ptos.		

Aos equipos femininos aplicaráselle un coeficiente multiplicador de 1,5 nas categorías sénior e veteranas.

Aos equipos de deporte adaptado aplicaráselle un coeficiente multiplicador de 5 en todas as categorías.

O prazo de presentación de solicitudes de 15 días naturais reiníciase coa publicación desta rectificación no BOP.

Rianxo, luns 24 de novembro de 2025

O alcalde, Julián Bustelo Abuín